

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	Lingua Galega II		
Código /Tipo	IV 31420 / Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1,5	Total horas presenciais	15
Lingua impartición	Galego		
Lugar impartición	Aula 216 Edificio Anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais), andar 2º		
Curso / Semestre	Primeiro/ x Cuadrimestre	Horario*	Martes 16:30-17:30 h
Coordinador/a	Agustín Nieto Pazó		
Profesorado	Agustín Nieto Pazó		
Correo-e			
Observacións	Nº prazas:50 É desexable para o correcto desenvolvemento da materia que o grupo non exceda un máximo de 30 persoas. Para matricularse na materia debера haber estado matriculado antes en Lingua Galega I.		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Facilitarlle ao alumnado un achegamento básico ao idioma galego a través do coñecemento elemental do seu código gramatical, da súa historia e da súa situación sociolingüística.
- Preténdese que desde o primeiro momento o alumnado acceda a textos –literarios e non literarios– que actúen como vehículo a través do cal se desenvolvan os contidos que constitúen o programa teórico da materia.
- Promover a práctica lingüística oral e escrita en galego para permitir que se afiance e consolide a competencia idiomática nese idioma.

Metodoloxía docente:

- A metodoloxía será eminentemente práctica e baseada nun enfoque comunicativo. Procurarase que cada sesión estea dividida en tres seccións de 20 minutos: a primeira de exposición de contidos, a segunda de actividade práctica e a terceira de posta en común.
- A metodoloxía é tamén participativa porque o alumnado deberá realizar exercicios, comentar e facer reflexións críticas sobre os temas que se propoñen.

Contidos:

Tema 1	Algúns aspectos característicos da gramática galega. Os nexos: preposicións e conxuncións.
Tema 2	A expresión do coñecemento e das opinións. A exposición. Léxico específico.
Tema 3	A expresión da aprobación e o acordo con algo. A argumentación. Léxico específico.
Tema 4	A produción e interpretación de textos diversos. Marcadores do discurso. As funcións informativas.
Tema 5	A situación do galego na Galicia actual. Presente e futuro da cultura galega.

Avaliación:

Asistencia e participación	A cualificación derivará da asistencia á clase, a participación activa nas sesións docentes. Será necesario a asistencia a mais dun 70% das clases para obter o aprobado na materia.	80%
Traballo individual	Realización das tarefas que eventualmente se propoñan na aula, que procurarán poñer de manifesto o aproveitamento didáctico na materia.	20%

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

A materia “Lingua Galega II” vén completar a “Lingua Galega I”, coa que forma unha unidade, por esta razón os OBXECTIVOS, a METODOLOXÍA e mais os CRITERIOS DE AVALIACIÓN repítense en ambas, de xeito que o único aspecto no que difiren é no programa de contidos.

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.